


Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta extraordinaria de
Facultade
16 de xullo de 2018**



Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft
sdfft@uvigo.es

ASUNTO: Convocatoria de Xunta de Facultade


Por orde do Decano convócoa/o a unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se vai celebrar o vindeiro día **16 de xullo**, luns, ás 11:30h en primeira convocatoria e ás 12:00h en segunda, no Salón de Actos da FFT, co seguinte punto único

ORDE DO DÍA:

Debate e toma de postura da Facultade de Filoloxía e Tradución sobre a modificación do regulamento de TFG

Vigo, 12 de xullo de 2018

A Secretaria

M^a del Carmen Cabeza 



A/A MEMBROS DA XUNTA DE CENTRO DA FFT

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Anaya Revuelta, Inmaculada
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Del Pozo Triviño, Maribel
Figuroa Dorrego, Jorge Juan
González Álvarez, M^a Dolores

Sector (A) Profesorado

Agustín Guijarro, Javier de
Angueira Viturro, Anxo
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Báez Montero, Inmaculada C.
Baxter, Robert Neal
Bermúdez Montes, M^a Teresa
Bringas López, Ana
Bueno Alonso, Jorge Luís
Candelas Colodrón, Manuel A.
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Corvo Sánchez, M^a. José
Cruces Colado, Susana
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
Galanes Santos, Iolanda
García González, Marta
García-Miguel Gallego, José M^a.
Ledo Lemos, Francisco José
Lorenzo García, M^a Lourdes
Luna Sellés, Carmen
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José Francisco
Navaza Blanco, Gonzalo
Palacio Sánchez, Xosé Antonio
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Quilis Sanz, M^a José
Rama Martínez, M^a Esperanza
Ramallo Fernández, Fernando
Ribao Pereira, Montserrat
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vega, Rexina
Ruzicka Kenfel, Veljka

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 16 de xullo, luns, ás 11:30h en primeira convocatoria e 12:00 en segunda, de 2018 no salón de actos da facultade

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12:09h.

ORDE DO DÍA (punto único)

Debate e toma de postura da Facultade de Filoloxía e Tradución sobre a modificación do regulamento de TFG

O decano xustifica a convocatoria e explica os antecedentes. Con antelación á reunión enviouse aos membros da asemblea un escrito que remitira o mesmo decano o día 29 de xuño pasado ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e á vicerreitora de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación sobre o punto que se propón (anexo).

O novo equipo de goberno da universidade emprendeu a reforma da normativa que regula o procedemento de defensa do TFG. O borrador que se está a manexar prevé dúas vías para avaliar o traballo: cun tribunal colexiado ou cun tribunal "unipersonal". O decano fai referencia á normativa xeral do ministerio (*Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales*), na que non se especifica que se deba avaliar a través dun tribunal, reflexiona sobre as dificultades de xestión das defensas a través de tribunais. Entende que noutras facultades se lle dea maior relevo á avaliación dos TFG, por ter este unha maior porcentaxe non estudos do grao. Propón que cada centro desenvolva o seu propio regulamento, pero partindo dun texto normativo común máis flexible que o que no momento actual se está a debater. A cuestión vai ser debatida nunha sesión do Claustro universitario o próximo 18 de xullo. O decano quere coñecer a postura da Xunta de Facultade.

Ábrese unha quenda de intervencións.

A profesora Bringas móstrase de acordo co debate aberto polo decano e cunha das propostas que fai este no documento enviado: a de eliminar o tribunal. Tamén indica que hai outras dificultades na xestión desta materia: a inexistencia de docencia presencial (e

Sánchez Trigo, M^a Elena
Soto Andión, Xosé
Suárez Briones, Beatriz
Urdiales Shaw, Martín
Yuste Frías, José

Sector (B) Profesorado

Sector (C) Alumnado

Bello Davila, Cristina
Carrillo Rodríguez, Lara
Gamallo Valladares, Andrea
Vega Martínez, Lucía

Sector (D) PAS

Iglesias van der Woude, Miguel
Santos García, Mercedes

Desculpas e ausencias xustificadas

Alonso Alonso, Rosa
Amosa Mendoza, Esther
Baltrusch, Burghard
Becerra Suárez, M^a Carmen
Costas González, Xosé Henrique
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Díaz Fouces, Óscar
Domínguez Castro, Luís
Fernández Pena, Yolanda
Gómez Martínez, Alejandro
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Luna Alonso, Ana
Martín Lucas, Belén
Martínez Ínsua, Ana Elina
Miquel Vergés, Joan
Montero Küpper, Silvia
Pérez Álvarez, Raúl Manuel
Pérez Guerra, Javier
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Seijas Montero, María
Seoane Posse, Elena C.
Sueiro Justel, Joaquín
Valado Fernández, Liliana
Varela Bravo, Eduardo J.
Veiga Díaz, M^a Teresa
Yáñez Bouza, Nuria

Ausencias sen xustificar

Abalo Dieste, Laura
Álvarez Lugris, Alberto
Andrés Iglesias, Jesús
Barbosa Losada, Víctor
Buceta Bugallo, Fuensanta
Diz Ferreira, Jorge
Fernández Berciano, Enya
Fernández Pena, Yolanda
Ferreiro Vázquez, Óscar

polo tanto de indicacións para que o alumnado realice o labor) e a escasez de horas que se recoñecen no POD pola dirección destes traballos.

O profesor Baxter aplaude a iniciativa do decano e móstrase de acordo co que dixo a profesora Bringas. Suxire a posibilidade de que a carga de traballo do TFG se reparta nos últimos dous cursos do grao. Manifesta o seu desacordo con que se requira ao alumnado ter todas as materias aprobadas para presentarse ao TFG.

A profesora Lorenzo agradece que o decano abra o debate e subscribe o anteriormente dito pola profesora Bringas. Opina que a maneira en que se desenvolve a avaliación dos TFG é un despropósito.

A profesora González intervén en calidade de representante do centro no Claustro universitario posto que na convocatoria deste propónse unha toma de postura. Refírese en particular a unha das opcións de avaliación que se recollen no borrador, que consiste en que a fórmula unipersoal se limita a que a nota non supere de entrada o 7. Non dá a súa opinión persoal sobre o fondo da cuestión porque tivo un papel moi relevante na elaboración da normativa actualmente vixente. Explica por que se regulou na Universidade de Vigo que os TFG se defendan unicamente unha vez superadas todas as materias: debeuse a que o TFG avalía todas as competencias do título e polo tanto non pode reflectirse a cualificación na acta hasta que o alumnado supere todas as demais materias do plan de estudos. Permitir a defensa antes de superar o resto das materias supón unha discrepancia entre a cualificación obtida polo estudante e a que tería que figurar na acta, non presentado.

O decano xustifica por que non comparte as fórmulas seleccionadas polo equipo de goberno da universidade, que existen unha uniformidade entre os centros inexistente e porque daría como resultado situacións inicuas.

Intervén a profesora Pereira para avalar a posición do decano e da profesora González no sentido de non partir da dobre opción de máis ou menos de 7 segundo a fórmula de avaliación e defende a simplificación da xestión de defensa do TFG.

A profesora Sánchez Trigo suxire que, no caso de traballos entre 6 e 9 créditos, o tribunal "unipersoal" (o titor ou titora) dea unha nota de 0 a 9, e só as persoas que acadaran o 9 vaian a un tribunal colexiado. Os traballos de 12 créditos ou máis irían todos a un tribunal colexiado.

García Fonte, Nuria
Garrido Rodrigues, Carlos
Gil Vicente, Alba
Gómez Clemente, Xosé M^a
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González López, Sixto
González Maestro, Jesús
López González, María Rosa
Marcos Vázquez, Juan Antonio
Nogueiras Justo, Francisco Manuel
Otero Rey, María Belén
Parada Diéguez, Arturo
Pereira Romasanta, Raquel
Peres Rodrigues, José Henrique
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Salceda Rodríguez, Hermes
Solla González, Amparo
Souto Rodal, Tania
Torres Sotelo, Laura
Veiga López, Daniel

A profesora Caneda manifesta o seu acordo coas posturas expostas e móstrase a favor de que a titora ou titor formase parte do tribunal, o que xa defendeu en Xunta de Facultade.

O profesor Bueno puntualiza que hai seis claustrais na Facultade de Filoloxía e Tradución e que son o nexa entre o Claustro e a Xunta de Facultade.

A profesora Cortés propón ser prácticos na maneira de formular a proposta: que se permita aos centros unha marxe de actuación sen limitar desde a normativa xeral, de tal xeito que cada centro regule internamente.

Establécese un debate entre a profesora Báez e o decano sobre o proceso de avaliación.

A profesora Sánchez Trigo pide aos claustrais da facultade que trasladen a opinión maioritaria.

O decano pide o apoio ao escrito anteriormente remitido polo decano como punto de partida.

A profesora Bringas insiste na cuestión de que se reconsidere a cuestión da carga docente.

Apróbase por asentimento que se envíe á reitoría un escrito que recolla 1) a necesidade de que a nova normativa sexa flexible e permita aos centros decidir sobre a oportunidade de que a defensa do TFG se faga a través dun tribunal e 2) a petición de que se reconsidere a carga docente no POD.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:17 horas.

Vigo, 16 de xullo de 2018

Visto e prace do Decano


Luis Alonso Bacigalupe

A Secretaria

M^a del Carmen Cabeza Pereiro
segundo o disposto polos artigos 6 e 7
do *Regulamento Interno da FFT*, 67 dos
Estatutos da Universidade de Vigo e 26.3 e
27 da *Ley de Régimen Jurídico de las
Administraciones Públicas y del
Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 26 de maio de 2018.


A Secretaria da Facultade



Mª del Carmen Cabeza Pereiro

Anexo

**Escrito remitido polo decano a dous
vicerreitores sobre a reforma do
regulamento do TFG**



Propostas para a reforma do regulamento de TFG

Puntualización previa

As propostas que seguen refírense exclusivamente ao regulamento de TFG e non ao de TFM, por non ser os mestrados responsabilidade directa dos centros, senón das súas comisións académicas.

Xustificación da iniciativa

Como Decano da FFT xulgo moi axeitada a iniciativa do novo equipo de goberno da Universidade de Vigo de acometer a reforma do regulamento de TFG e agradezo esta iniciativa por ser unha cuestión urgente.

Na miña opinión, hai dous puntos na normativa da Universidade que fan a xestión dos TFGs (1) imposible dende o punto de vista administrativo (porque xeran unha carga burocrática inasumible polos centros cos recursos humanos ao noso dispor), (2) relacionado co anterior, a existencia de catro convocatorias anuais, e máis o requisito de ter todas as materias aprobadas antes da defensa de TFG supón que se incumpren sistemáticamente os prazos legais de reclamacións de exame do estudiantado previos á defensa do TFG, e (3) supoñen unha carga de traballo desproporcionada para o profesorado, que ten que participar en máis dunha veintena de tribunais por curso (26 no caso do tribunal 3 de T/I este mesmo curso) a maiores de dirixir entre 3 e 4 TFGs novos por curso.

Puntos conflictivos principais da normativa actual

- (1) A avaliación do TFG por un tribunal formado por tres profesores/as.
- (2) O requisito de defensa pública do TFG.

Posibles reformulacións da normativa de TFG da FFT

Cómpre, logo, facer as miñas reflexións, para o cal indicarei xusto abaixo tres posibles sistemas que poderían ser valorados e aplicados no regulamento interno de TFG da FFT (se o de a UVigo así o permitise), para acabar ao final do documento coa que sería a miña proposta básica de regulamento da Universidade de Vigo sobre o TFG e que someto á súa valoración:

- (1) Eliminación completa do requisito de tribunal. É dicir, que os TFG sexan sempre avaliados polo titor do mesmo. Deste xeito, os estudantes non poderían optar entre tribunal colexiado ou unipersoal, sendo todos eles avaliados polo seu titor/a tal e como acontece en todas as outras materias dos graos sen que isto supoña un problema de toma de decisións inxutas ou clientelismo, tal e como parece desprenderse do requisito de tribunal, argumento moi pouco sólido, xa que os profesores cualificamos sistemáticamente ao noso alumando en todas as materias excepto o TFG, e non por iso se cuestiona a nosa obxectividade. Neste sentido, cómpre salientar que en todas as instancias se non indica repetidamente que o TFG é unha materia máis, como as outras. Por ese mesmo motivo debería ter o mesmo tratamento cas outras na súa avaliación, e tal e como se fai con outros procesos relacionados, como o de reclamación da cualificación.
- (2) Titorización compartida dos TFG. Para evitar o illamento titor-estudiante e a posibilidade dunha relaxación nas esixencias nos TFG (hipotética, polos mesmos argumentos arriba expostos, é dicir, ninguén se cuestiona relaxacións nas esixencias de todas as outras materias), algunhas universidades aplican un sistema de cotitorización dos TFG -similar ao *peer-review process* dos labores de investigación-, de tal xeito que a dirección do traballo é "fiscalizada" por outro profesor, garantíndose así unha calidade mínima do TFG.
- (3) Mantemento do tribunal pero eliminación do requisito de defensa pública ou presencial: deste xeito os TFG poderían ser avaliados por un grupo colexiado de profesores, pero non obrigarían a xuntar a todo o profesorado para cada defensa. Cada membro daría a súa cualificación independente e se faría a media das mesmas.

Valoración da proposta de novo regulamento

Unha vez revisada a proposta de modificación do regulamento de TFG, obsérvase que a novidade principal que inclúe é a posibilidade de que o estudantado poida optar entre a avaliación por parte dun tribunal colexiado fronte a avaliación por un tribunal unipersoal. No primeiro caso o estudantado solicitante optaría á máxima cualificación posible (10), mentres que na segunda opción só optaría a un 7 como máximo.

Na opinión de quen suscribe, esta iniciativa -que se valora moi positivamente por incluír a posibilidade da non intervención dun tribunal formado por 3 profesores/as- vai na dirección correcta, pero parece que quedará moi curta na súa ambición principal de evitar a intervención de tantos profesores/as nas defensas dos TFG, fracasando así no seu obxectivo de aliviar a súa carga de traballo.

O problema que se pode anticipar é que en centros coma o noso, onde se defenden cada curso máis de 200 TFG, e que ten un alumnado "ambicioso", no sentido de que esperan ter boas cualificacións, semella moi probable que a gran maioría do estudantado (ou alo menos unha porcentaxe moi alta) opte por solicitar a avaliación a través de tribunal, o que deixaría sen efectos os efectos pretendidos desta proposta de reforma. Por outra banda, as potenciais discrepancias entre as ambicións arriba sinaladas do estudantado fronte ao esperable realismo de titoras e titores podería dar lugar a discrepancias e friccións innecesarias entre ambos colectivos, contribuíndo, xa que logo, a agudizar e non a resolver o xa de seu profundo problema da titorización, avaliación e xestión dos TFG.

Reflexións finais

Son plenamente consciente de que hai tantas posibles normativas de TFG como profesores nesta e outras universidades, e de que acadar acordos válidos para todos semella un labor moi complexo.

Tamén son plenamente consciente de que cada facultade e cada titulación ten as súas características propias, e que o que parece unha magnífica solución aquí pode ser visto como unha proposta absurda noutra facultade, se cadra porque algunhas lle asignan 18 créditos ou máis ao TFG, o que xustificaría normativas moito máis estrictas e esixentes para a defensa do mesmo.

Do mesmo xeito, existen facultades onde se defenden só arredor de 30 TFG ao ano (ou onde hai grandes folguras horarias entre o profesorado, xusto ao contrario que na FFT onde casi todo o personal cumpre escrupulosamente coa carga máxima prevista), co cal non hai atranco burocrático salientable nas mesma, nin sobrecarga para o profesorado nos tribunais, nin problemas de titorización. Máis na nosa, tal e como dicía arriba, si se dan todos estes problemas. Se, por riba, se ten en conta que cada curso a maiores dos 200 TFG que se defenden, deixan de defenderse uns 20 TFG que se van acumulando co paso dos anos, podemos ver que nun prazo de 10 anos habería 200 TFG máis que titorizar, tramitar e defender. Como consecuencia, na nosa facultade vivimos unha situación que todos sabemos é insostible no medio prazo, mesmo no futuro inmediato. E ese é o problema crucial que temos que abordar: a insostenibilidade do sistema actual.

Por todas estas razóns, a proposta que fago como decano da FFT para o regulamento da UVigo sobre os TFG é a que segue:


Proposta de regulamento de TFG da UVigo

Que se redacte unha normativa o máis aberta e flexible posible, onde desapareza a obrigatoriedade do requisito de tribunal colexiado, e mesmo -de ser posible- o de defensa pública, de tal xeito que non se obrigue a nada a ninguén en ningún caso. Así, cada facultade, en función do número de créditos do TFG, das súas posibilidades reais de xestión, das súas capacidades reais e sostibles de titorización e defensa, é dicir, en función da dispoñibilidade de horas de profesorado, e en función tamén das súas características propias e preferencias debidamente discutidas nos seus órganos de goberno e xestión elaboren as súas normativas particulares que resolvan os seus problemas concretos, sen interferir, condicionar ou perxudicar o funcionamento do resto das facultades, cada unha coas súas peculiaridades.

Esta é a proposta que someto a vostedes e que estaría encantado de discutir e defender onde proceda.

Saúdos cordiais

Luis Alonso Bacigalupe



Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución

SR. VICERREITOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO

SRA. VICERREITORA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL, IGUALDADE E COOPERACIÓN